

Área de Medio Ambiente do Concello de Ribadeo

M^a Isabel Rodríguez López
Subdelegada do Goberno en Lugo
Rúa Armanyá 1
27001 Lugo

Asunto.- Solicitud en relación ás restricións de mobilidade derivadas da problemática de saúde pública ocasionada polo COVID-19

Ribadeo é unha vila que vive principalmente do sector terciario, dentro do cal cobra vital importancia a hostalaría e o comercio, sendo este último subsector, o comercial, o obxecto do presente escrito que se lle traslada. Neste ámbito económico era significativo o número de veciños e veciñas dos concellos próximos pertencentes tanto á Mariña Luguesa como en igual medida ao Occidente Asturiano, que se desprazaban a diario ata o noso municipio coa fin de mercar ou tomar algo nos negocios locais, sendo este, como se indicou, o principal motor do desenvolvemento local ribadense.

Por mor da problemática de saúde pública ocasionada polo COVID-19, dende o comezo do estado de alarma en marzo de 2020, pódese dicir que a economía local no municipio de Ribadeo paralizouse totalmente, de igual forma por suposto que no resto do Estado. Dende logo, é indubidable que o impacto económico ocasionado por esta crise sanitaria é incalculable a día de hoxe e todos debemos arrimar o ombreiro para pouco a pouco, na medida do posible, ir retornando á nova normalidade que nos vai tocar vivir.

Neste proceso de desescalada no que nos atopamos inmersos actualmente, dende o Goberno Central véñense tomando medidas que, coas debidas precaucións sanitarias, buscan ir reactivando a nosa economía. Dentro das referidas precaucións que están vixentes a día de hoxe encontrámonos coa prohibición, agás moi contadas excepcións, de realizar desprazamentos entre diferentes provincias, o que no caso concreto de Ribadeo supón unha traba insostible para a reactivación da nosa economía, pois o “peche” da nosa fronteira administrativa co Occidente de Asturias impide que unha parte moi importante da poboación consumidora da nosa vila teña acceso ao municipio.

En base ao anteriormente exposto, por medio do presente, **solicítase que, dentro da actuais restricións de movemento vixentes por mor do estado de alarma declarado en base á problemática de saúde pública ocasionada polo COVID-19, se permita o acceso ao municipio de Ribadeo á poboación do Occidente Asturiano que acuda a facer uso do comercio local como medida necesaria para a reactivación económica do Concello de Ribadeo.**



Compre destacar que, por sorte dentro da gravidade desta situación, tanto a Provincia de Lugo como a Comunidade Autónoma Uniprovincial de Asturias non foron dos territorios estatais máis afectados polo COVID-19, atopándose ambos lugares dentro da mesma Fase 1 de desescalada, polo tanto cunha situación moi semellante a día de hoxe.

Agardando tomen de inmediato en consideración os argumentos que se relatan, sabendo que ao propoñelos, estámolo a facer coa cabeza e co corazón, e co compromiso a partes iguais de protección contra a pandemia que sufrimos e de reactivación ponderada da nosa economía local e comarcal.

Reciba coma sempre, un cordial e leal saúdo.

En Ribadeo, a data de sinatura electrónica.

O Alcalde,

Fernando Suárez Barcia

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

